

RECOMENDACIÓNS PARA INFANTIL

Bos días familias:

En primeiro lugar esperamos que todos e todas, e as vosas familias, bos atopedes ben e dada a situación na que nos encontramos pola pandemia do Coronavirus esperamos que pasedes este tempo o mellor posible e quedamos á vosa disposición para todo o que poidamos axudarvos. Na páxina web e no Instagram do cole vamos a poñer ideas de actividades que se poden facer nestes días nos que ides estar tanto tempo xuntos cos vosos fillos e fillas. Cremos que unha moi boa idea sería intentar manter unha rutina diaria para que estes días sexan o máis levadeiros. Poñeremos tamén exemplos.

Queremos recordaros a importancia do xogo nestas idades e invitarvos a que aproveitedes estes momentos na casa para que colaboren nas tarefas da casa (axudar a poñer a mesa, a darvos as pinzas para colgar a roupa, recoller a súa habitación, facer a comida xuntos, recoller os xoguetes, calzar e descalzarse, abotoarse, lavar os dentes, gardar a roupa no armario, etc), xa que as tarefas domésticas son un excelente recurso para traballar a autonomía.

Tamén xogar con crebacabezas, construcións, plastilina, disfrazarse, rasgar papel, aproveitar o potencial dos materiais de reciclaxe que teñades pola casa e liberar a imaxinación, facer marionetas, xogo en familia, contos en familia (podedes contalos, lelos ou inventar contos e/ou historias. Tamén poden ser os pequenos que os contan, lean ou inventen os contos) e que aproveitedes para falar moito con eles a través de imaxes, ampliar vocabulario, etc.

Tamén sería interesante que contaran moito (obxectos que teñades pola casa e buscaran números en revistas, caixas, etc e contar hacia adiante e hacia atrás, ata onde poidan).

Nas aulas de Infantil estamos ensaiando a canción de “As mans” de Pablo Díaz, que está nesta páxina:

<https://www.youtube.com/watch?v=faF4csQnLlk>

Tamén se nos ocorre que miredes no seguinte enlace contos:

<http://paracantarecontar.blogspot.com/>

En Instagram hai páxinas con contacontos en directo como por exemplo @deletrasilustradas ou @trastadasdemama que o fan ás 11 da mañán. Tamén se nos ocorre “viaxar polo mundo” con Google Earth e/ou Street View.

Se neste tempo facedes manualidades, debuxos, etc podedes tráelas para o cole cando poidamos volver á rutina, que esperemos sexa moi pronteño.

Toca ser responsables e seguir as recomendación das autoridades sanitarias e iso tamén é ensinar, educar na vida e para a vida.

Un saúdo grande e un bico para todos e todas e tédesnos á vosa disposición.